

Resolución do 27 de xuño de 2017, do Director-Xerente de SEAGA, no proceso selectivo para a elaboración de listas de agarda para cobertura temporal de vacantes entre os candidatos incluídos nas listas previas, da categoría de Capataz perfil profesional “Traballos Agroforestais”, ámbitos “A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra”, pola que se aproban e se fan públicas as listas de agarda definitivas.

Por resolución do 16 de xuño de 2017 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA o 16 de xuño de 2015, aprobáronse e fixéronse públicas as listas de agarda provisionais, entre os candidatos incluídos nas listas previas da categoría de Capataz perfil profesional “Traballos Agroforestais”, ámbitos “A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra”.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre ditas listas de agarda, de conformidade co establecido nas bases específicas II 2.8 das que rexen o proceso o Director-Xerente,
ACORDA:

Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra as listas de agarda provisionais de candidatos incluídos na categoría de Capataz perfil profesional “Traballos Agroforestais”, ámbitos “A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra”.

Segundo.- Facer públicas as listas de agarda definitivas.

De conformidade co establecido nas bases específicas II apartado 2.7 que rexen o proceso, acordou aprobar e facer públicas as listas de agarda definitivas en que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida.

Santiago de Compostela, a 27 de xuño de 2017.

O Director-Xerente.

Asdo.- Pablo Arbones Maciñeira.

